

CAPÍTULO 1º

DA ENTIDADE

Artigo 1.- O Club Deportivo "CLUB AEROMODELISMO OURENSE" é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que ten por obxecto exclusivo o fomento e práctica de actividades de aeromodelismo, sen ánimo de lucro.

Artigo 2.- O Club Deportivo "CLUB AEROMODELISMO OURENSE" practicará como principal modalidade deportiva o AEROMODELISMO e afiliarse a correspondente Federación Aeronáutica Galega (FAG), así como, a tódolos efectos, a Real Federación Aeronáutica Española (RFAE).

Artigo 3.- A Xunta Directiva poderá acordar a creación de tantas seccións deportivas como modalidades específicas se practiquen no Club. Para tomar parte nas competicións das respectivas Federacións, deberán adscribirse as mesmas, sendo de aplicación os Estatutos, Regulamento e demais disposicións de estas.

Artigo 4.- O ámbito de actuación do Club é local, sen prexuício de integrarse nas organizacións de ámbito territorial superior, se así se acordara.

CAPÍTULO 2º

DOS SOCIOS


Artigo 5.- O número de socios será ilimitado. A Xunta Directiva poderá suspender, sen embargo, a admisión temporal de novos socios, cando a falla de espazo ou capacidade das instalacións así o aconsellen.

Artigo 6.- Serán socios tódolos maiores de idade que o soliciten e satisfagan as cotas establecidas.

Os menores de idade serán cualificados como socios xuvenís, tendo igual dereito o uso das instalacións, mediante a cota que puidera fixarse a tal efecto, e pasarán automaticamente a ser socios de número o cumprir a maioría de idade.

Artigo 7.- Será competencia da Asemblea Xeral establecer e revisar o importe das cotas de ingreso e anualidades, quedando reflectidas as cotas establecidas na acta correspondente.

Artigo 8.- Serán socios de honor, aquelas persoas a quen a Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, confiran tal distinción.



Artigo 9.- Para que o socio do Club poda exercitar o seu dereito como tal, deberá estar inscrito no censo de aquel polo menos con seis meses de antigüidade ininterrompida.

Artigo 10.- Os socios terán os seguintes dereitos:

- a) Participar no cumprimento dos fins específicos do Club.
- b) Separarse libremente do Club.
- c) Coñecer as súas actividades e examinar a súa documentación, previa petición razoada o Presidente.
- d) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno, coa limitación prevista para o cargo de Presidente.
- e) A posesión dun carné de socio numerado que acredite a su identidade. A numeración de dito carné será o número decimal do ano en curso seguido do número de orde de socio nese ano.

Artigo 11.- Establecese o principio de igualdade de tódolos asociados, sen discriminación por raza, sexo, relixión, ideoloxía o calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 12.- Son obrigacións dos socios, ademais das de carácter xurídico, político e económico que se desprendan dos presentes Estatutos e Regulamentos que se desenvolvan, o acatamento dos mesmos e os acordos que adopten os seus órganos de goberno, así como a difusión e práctica deportiva que constitúe o obxecto social, e aboar as cotas establecidas.


Artigo 13.- Sendo o Club un órgano federado, todos e cada un dos seus socios están obrigados a federarse na Federación Aeronáutica Galega (FAG). No caso de que, por calquera razón, esta condición non se cumpra, o socio non poderá realizar actividade deportiva algunha nas instalacións do Club.

Artigo 14.- Para ser admitido como socio, en calquera das modalidades, será necesario:

- a) Reunir as condicións sinaladas para cada unha delas.
- b) Solicitalo por escrito a Xunta Directiva.
- c) Satisfacer as cotas correspondentes.

Artigo 15.- A condición de socio perdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por falla de pago das cotas establecidas.
- c) Por acordo da Xunta Directiva, fundado en faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado na primeira Asemblea Xeral que se celebre.



CAPÍTULO 3º

DOS ORGANOS DE REPRESENTACIÓN, GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Artigo 16.- O Club estará rexido polos seguintes órganos de goberno:

- a) A Asemblea Xeral
- b) A Xunta Directiva
- c) O Presidente


A ASEMBLEA XERAL

Artigo 17.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do Club.

Estará integrado por tódolos socios do mesmo, os cales poderán intervir directamente.

Artigo 18.- Corresponde a Asemblea Xeral:

- a) Convocar as eleccións a Presidente.
- b) Discutir e aprobar, se procede, a memoria anual, a liquidación do exercicio, o balance e a rendición de contas.
- c) Aprobar o presuposto de ingresos e gastos.
- d) Coñecer, discutir e aprobar, no seu caso, as propostas da Xunta Directiva.
- e) Estudar e resolver as proposicións formuladas polos socios (coa debida antelación), e que deberán ir firmadas, como mínimo, polo vinte e cinco por cento dos mesmos.
- f) Sinalar as condicións e formas de admisión de novos socios e acordar a contía das cotas que terán que satisfacer os asociados.
- g) Elaborar os Regulamentos do Club así como propoñer as modificacións dos mesmos e dos presentes Estatutos.
- h) Crear servizos en beneficio dos asociados.
- i) Coñecer e ratificar as altas baixas dos asociados. Os apartados a,f,g, serán competencia da Asemblea Xeral Extraordinaria.
- j) Aprobar calquera cambio ou modificación referente a identidade corporativa do Club.



Artigo 19.- Convocatoria da Asemblea.

1. A Asemblea Xeral reunirse unha vez o ano, en sesión ordinaria, para a aprobación da memoria de actividades, aprobación de contas e presupostos así como liquidación do ano anterior.

As demais reunións terán carácter extraordinario, e poderán ser convocadas a iniciativa do Presidente, a Xunta Directiva ou un número de membros da Asemblea non inferior o vinte e cinco por cento.


2. A convocatoria da Asemblea farase pública con quince días naturais de antelación da fecha de celebración. No caso de urxencia apreciada pola Xunta Directiva, poderá convocarse Asemblea Xeral Extraordinaria, con dez días naturais de antelación.

Artigo 20.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria, cando concorran nela a maioría dos socios. En segunda convocatoria (media hora despois da hora fixada) calquera que sexa o número de membros presentes, e serán totalmente validos os acordos tomados.

O PRESIDENTE

Artigo 21.-

1. O Presidente e o órgano executivo do Club, ostenta a súa representación legal, convoca e preside os seus órganos superiores de goberno e representación e executa os acordos dos mesmos.
2. O Presidente será elixido, cada catro anos, coincidindo cos anos Olímpicos mediante sufraxio libre, igual e secreto, entre os membros da Asemblea Xeral, cunha antigüidade ininterrompida dun ano como socio del Club.
3. A convocatoria de eleccións a presidente realizarase o día 1º de febreiro de cada ano Olímpico.
4. A duración do mandato de Presidente non poderá ser superior a tres períodos consecutivos.



A XUNTA DIRECTIVA

Artigo 22.- A Xunta Directiva, como órgano de goberno do Club, executará os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e exercerá as seguintes funcións:

- a) Dirixir a xestión do Club, velando polo cumprimento do seu obxectivo social.
- b) Crear as comisións ou grupos de traballo que considere necesarias.
- c) Nomear as persoas que dirixiran as distintas comisións ou áreas de participación, así como organizar tódalas actividades deportivas do Club.
- d) Formular o inventario, balance e memoria anual que serán sometidos a aprobación da Asemblea.
- e) Ampliar ou reformar o Regulamento de Réxime Interior fixando as normas de uso das instalacións e tarifas correspondentes.

Artigo 23.- A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte, o fronte da cal estará o Presidente do Club, e da que formará parte un vocal por cada unha das posibles seccións deportivas, dito vocal practicará a modalidade da sección da cal e vocal.

Artigo 24.- Tódolos cargos da Xunta Directiva serán designados e revocados libremente polo Presidente.

Artigo 25.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando asistan, polo menos, o Presidente ou un Vicepresidente e a metade dos restantes membros.


Artigo 26.- A Xunta Directiva será convocada polo seu Presidente con dous días de antelación, como mínimo, a fecha da celebración. Tamén poderá ser convocada a petición de tres ou máis dos seus membros.

Artigo 27.- A Xunta Directiva tamén quedará validamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros, inda que non houbera mediado convocatoria previa.

Artigo 28.- O Secretario coidará do arquivo, redactará cantos documentos afecten a marcha administrativa do Club e levará o Libro de Rexistro de asociados e Libro de Actas.

Artigo 29.- O Tesoureiro será o depositario do Club, firmará os recibos, autorizará os pagos e levará os libros de contabilidade. Para tódolos pagos que realice o Club será necesaria a firma conxunta do Tesoureiro e o Presidente.

Durante o primeiro mes de cada ano, formalizará un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se poñerán en coñecemento de tódolos asociados por escrito con quince días de antelación a fecha da Asemblea Xeral Ordinaria.



CAPÍTULO 4º

DA ELECCIÓN DO PRESIDENTE

Artigo 30.- A elección do Presidente levarase a efecto mediante sufraxio persoal, directo e secreto, entre tódolos socios maiores de 18 anos e cunha antigüidade ininterrompida de seis meses.

Para ser elector e necesario que o socio teña plena capacidade para obrar e este o corrente no pago das cotas.

Artigo 31.- Serán requisitos necesarios para ser elixido Presidente:

- a) Ser de nacionalidade española.
- b) Ter máis de 18 anos.
- c) Atoparse en pleno exercicio dos dereitos civís.
- d) Non estar suxeito a sanción que lle inhabilite para desempeñar cargos federativos.
- e) Ter a calidade de socio cunha antigüidade, o menos, dun ano a fecha das eleccións.
- f) Non ostentar cargo directivo noutro Club.


Artigo 32.- O Secretario do Club efectuará a convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria para la elección de Presidente.

Artigo 33.- Constituída a Asemblea Xeral Extraordinaria, procederase a elección de Presidente, o Secretario comprobará a identidade dos votantes e o cumprimento dos requisitos necesarios para ser elector.

Artigo 34.- Unha vez realizada a votación o Secretario redactará acta da votación, na que farase constar o número de electores, votos válidos emitidos, votos nulos, resultado da votación e incidencias ou reclamacións que no seu caso se produzan. A acta será firmada polo Secretario, o Presidente saínte e o Presidente entrante.

Artigo 35.- As candidaturas presentaranse avaladas, o menos polo vinte por cento dos socios con dereito a voto. Debaxo da firma de aval, consignarán nome, dous apelidos, número de socio e número de Documento Nacional de Identidade, con fotocopia do mesmo. No caso de duplicidade de firmas, darase por válida a derradeira que se reciba.

Toda candidatura deberá expresar o nome e dous apelidos do candidato, con aceptación expresa do mesmo.



Artigo 36.- No suposto de presentarse unha única candidatura que reúna os requisitos establecidos, procederase a votación.

Artigo 37.- No caso de non presentarse candidatura algunha, ou que despois da votación non sexa aceptado o único candidato, ou que as formuladas non reunisen os requisitos establecidos, a Xunta Directiva constituirase en Comisión Xestora limitándose o goberno provisional do Club naquelo que afecte o cumprimento das súas obrigas económicas e deportivas e o despacho dos asuntos de tramite, convocando novas eleccións no prazo máximo de tres meses.

CAPÍTULO 5º

DO RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 38.- Integrará o réxime documental e contable do Club:

- a) O Libro de Rexistro de Socios, no que deberán constar os seus nomes e apelidos, o número de Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, cargos de representación, goberno ou administración que exerza no Club. O Libro de Rexistro de Socios tamén especificará as datas de altas e baixas dos cargos aludidos.
- b) Os Libros de Actas, nos que se transcribirán as que se levanten das reunións dos órganos colexiados del Club, os cales serán subscritos, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.
- c) Os Libros de Contabilidade, nos que figurará tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas e ingresos e gastos do Club, debendo precisarse a procedencia daqueles de inversión e o destino destes.
- d) O balance da situación e as contas dos seus ingresos e gastos, que o Club deberá formalizar durante o primeiro mes do ano, e que poñerá en coñecemento de tódolos seus socios.
- e) Todos aqueles auxiliares que consideren oportunos para un mellor desenvolvemento dos seus fins.



CAPÍTULO 6º

DEL REGIMEN DISCIPLINARIO

Artigo 39.- A potestade disciplinaria sobre todas aquelas persoas que formen parte da estrutura orgánica do Club, deberá exercerse no marco do establecido no título VII Lei 11/97 Xeral do Deportes de Galicia de 22 de agosto, e demais lexislacións que resulten aplicables, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Deportiva, sobre feitos ou condutas significadas como infracción as regras deportivas polo Regulamento ou polas disposicións aprobadas conforme o mesmo.

CAPÍTULO 7º

DO RÉXIMEN ECONÓMICO FINANCIERO

Artigo 40.- O Patrimonio do Club estará integrado por:



- a) As apartacións económicas dos socios, que aproba a Asemblea Xeral, conforme a as normas establecidas no Regulamento interior.
- b) Os donativos ou subvencións que perciba.
- c) Os resultados económicos que poidan producir os actos que organice.
- d) As rendas, froitos ou intereses do seu patrimonio.

Artigo 41.- Queda expresamente excluído como fin do Club, o ánimo de lucro, e non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizos, nin exercerá actividade de igual carácter coa finalidade de repartir beneficios entre os seus socios.

A totalidade dos seus ingresos deberán aplicarse o cumprimento dos seus fins sociais. Cando se trate de ingresos procedentes de competicións ou manifestacións deportivas dirixidas o público, estes beneficios deberán aplicarse exclusivamente o fomento e desenvolvemento das actividades deportivas dos socios.

Artigo 42.- O cobro das cotas dos socios así como a cota de entrada, no caso dun novo socio, se existise, realizaranse por adiantado nun recibo anual. O tesoureiro notificará por escrito a cada socio o importe da cota así como o tempo máximo para o ingreso da mesma na conta bancaria do Club. O recibo correspondente o pago da Licenza Federativa emitirase aparte dos anteriormente citados durante o prazo legal de solicitude desta, previo aviso a cada socio.

Artigo 43.- Causará baixa no Club todo socio que non satisfaga as cotas establecidas. No caso de que o recibo non sexa satisfeito, avisarase o socio de forma directa dándolle un prazo de quince días naturais para pórse o día no pago. Cumprido este prazo e non habendo satisfeito a débeda, causará baixa inmediata no Club.





CAPÍTULO 8º

DOS ESTATUTOS, REGULAMENTOS E DISOLUCIÓN DEL CLUB

Artigo, 44.- Os presentes Estatutos Internos solo poderán ser modificados, reformados e derogados na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada o efecto, mediante acordo que deberá adoptarse en votación cualificada de dous terzos dos socios de número asistentes. No caso de que a modificación ou reforma fora a consecuencia de disposicións dos Órganos Superiores Deportivos, queda facultada a Xunta Directiva para ditaminar as normas provisionais de aplicación que refenderá a Asemblea na primeira reunión que celebre, adecuándose, en todo caso, a Lei do Deporte, en canto se refire a Clubs Deportivos.

Artigo 45.- O Club extinguirase ou disolverase a proposta da Xunta Directiva, por unanimidade de todos os seus membros mediante acordo adoptado en votación cualificada de dous terzos, pola Asemblea Xeral Extraordinaria que se celebre a tal fin.

Firmado:

David Prada Martínez

PRESIDENTE

J. Ángel Mon Iglesias

SECRETARIO



Luis Gutiérrez Villalobos

TESOUREIRO

José Antonio Da Silva Sierra

VOCAL 1

Javier Vázquez Noguerol

VOCAL 2

DILIXENCIA - Exténdoa para facer que os presentes Estatutos do club

Aeromodelismo Ourense
foron ratificados e inscritos con nº no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia (DOG-13-04-2012)

Ourense 22 de maio de 2012

O FUNCIONARIO

Lage Novoa

